



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Anuncio BOP convocatoria e bases PEL Concellos 2023

ANUNCIO

Convocatoria de proceso selectivo para a contratación como persoal laboral temporal para a brigada de obras destinada á prestación de servizos mínimos municipais. Subvención da Deputación da Coruña, programa PEL-Concellos ano 2023

Por Resolución desta Alcaldía núm. 344/2023 de 30 de marzo, aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal a xornada completa de operarios de servizos múltiples para a brigada de obras destinada á prestación de servizos mínimos municipais, anualidade 2023, e a elaboración dunha bolsa de traballo en réxime de contratación laboral temporal a tempo completo financiado pola Deputación da Coruña dentro do programa PEL CONCELLOS 2023 da Deputación da Coruña exp. 2023000012344, e que se transcriben a continuación:

BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR PERSOAL LABORAL PARA A BRIGADA DE OBRAS DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS. (SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PROGRAMA PEL-CONCELLOS ANO 2023 (PEL-CONCELLOS), EXP: 2023000012344).

1º Obxecto da convocatoria: Selección de operarios de servizos múltiples para a brigada de obras e servizos mínimos do Concello de Porto do Son.

2º Número de prazas: Tres.

3º Tipo e duración do contrato: Disposición final segunda da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, polo que introduce unha nova disposición novena no R. D. Legislativo 3/2015 do 23 de outubro, en concreto onde se indica: “Las administraciones públicas y, en su caso, las entidades sin ánimo de lucro podrán realizar contratos para la mejora de la ocupabilidad y la inserción laboral en el marco de los programas de activación para el empleo previstos en este texto refundido de la Ley de Empleo, cuya duración no podrá exceder de doce meses”.

A duración do contrato será dende a súa sinatura ata como máximo o 31/12/2023, a xornada completa e coas retribucións fixadas para os postos de similares características na Relación de Postos de Traballo do concello, os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba. **As contratacións están subvencionadas pola Deputación da Coruña, Programa de Integración Laboral, 2023000012344. Resolución concesión definitiva (BOP núm. 57 do 23 de marzo de 2023).**

4º Obxecto do contrato: O persoal contratado realizará o traballo de operarios da Brigada de Obras para a prestación dos servizos públicos mínimos de prestación obrigatoria polo Concello de Porto do Son, en réxime de dispoñibilidade plena. Así mesmo, realizará aquelas outras tarefas que lle poidan asignar os órganos municipais competentes ou os seus superiores xerárquicos relacionadas coa prestación daqueles servizos públicos mínimos.

5º Requisitos xerais dos aspirantes. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos da idade.
- c) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou título de graduado escolar ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificada mediante informe médico.
- e) Non ter sido separada do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- f) As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral, segundo se recolle no apartado 2.- Bases específicas

do Programa Pel-Concellos 2023, Base 4.- Destinatarios/as e requisitos, 4.2.-Requisitos do persoal a contratar das bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2023, publicadas no BOP nº 13 do 19/01/2023:

- a. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b. Maiores de 45 anos.
- c. Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- d. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- e. Persoas en situación de drogodependencia.
- f. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g. Persoas con fogar monoparental.
- h. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- i. Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j. Persoas sen fogar.

As situacións de exclusión laboral, acreditaranse cos documentos oficiais que testemuñen dita situación como a continuación se detalla:

Mulleres, Persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido polo administración competente vixente na data de publicación da convocatoria
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais

6º) Taxas por dereitos de exame. (Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame, publicada no BOP núm. 16 do 26/01/2021).

Artigo 5.1. As taxas que corresponde satisfacer polos servizos regulados nesta Ordenanza, serán as seguintes:

Agrupacións profesionais ás que fai referencia a disposición adicional sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou persoal laboral equivalente: 5,00 €

Artigo 5.2. Ás taxas anteriores seralle de aplicación a seguinte redución: do 100 por cento naqueles supostos nos que o suxeito pasivo sexa unha persoa que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.

Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá acreditar as circunstancias descritas no parágrafo anterior, mediante presentación de certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda.

7º) Publicidade da convocatoria. Para tomar parte nas probas selectivas, os interesados deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Porto do Son, segundo o modelo que se achega como anexo 1 (accesible na sede electrónica municipal: <https://portodoson.sedelectronica.gal/info.0> e na web municipal: www.portodoson.gal, no apartado de “emprego”).

As solicitudes acompañaranse coa documentación que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria e dos méritos alegados polo aspirante, nas oficinas municipais (registro xeral do Concello de Porto do Son, de luns a venres (de 9:00 a 14:00 horas), ou en calquera das formas que sinala o art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de dez (10) días naturais dende o seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado**

ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao da publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello, na sede electrónica municipal: <https://portodoson.sedelectronica.gal/>, ou ben en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no horario sinalado no parágrafo anterior. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá enviarse por correo electrónico: correo@portodoson.gal a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes.

A solicitude deberá ir acompañada por copia de:

- **DNI ou documento correspondente ao país da UE.**
- **Título de certificado de escolaridade ou graduado escolar ou equivalente.**
- **Se é o caso certificado que acredite, como mínimo, CELGA 1 ou equivalente.**
- **Acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 5.f das bases.**
- **Se é o caso, documentación que acredite os extremos do punto 8 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante certificado de empresa ou certificado de servizos prestados, vida laboral (adxuntando contratos).**
- **Tarxeta de demandante de emprego actualizada.**
- **Documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou de ser o caso: certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda, no que se indique que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.**

Non se terán en conta os méritos alegados e non xustificadas documentalmente nin tampouco aqueles méritos que non figuren no baremo. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificadas con posterioridade no prazo de emenda de defectos formais.

NOTA.- Os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo estenderase que os interesados aceptan e atacan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

8º) Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas. Tribunal

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal (www.portodoson.gal), apartado de emprego.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Posteriormente o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello (sede electrónica municipal). Na mesma resolución o Alcalde designará aos membros do órgano de selección do procedemento e determinará o lugar, data e hora de realización da fase de oposición. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal (www.portodoson.gal), apartado de emprego.

3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

Tribunal.

1.- O tribunal, titulares e suplentes, encargado da selección estará integrado por:

Presidente/a:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Vogais:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Secretario/a:

Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Todos os membros do Tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

2.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

6.- Os membros concorrentes ás sesións do tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

9º) Selección:

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI.

O procedemento selectivo será o de concurso- oposición, podendo os/as aspirantes acadar ata un máximo de 15 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

O tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello.

A.- Fase de oposición:

1.- Realización dunha proba teórico-práctica, nun tempo máximo de 15 minutos, que consistira en avaliar as seguintes capacidades directamente relacionadas co obxecto do posto (a puntuación máxima será de 10 puntos, outorgándose un máximo de 2 puntos en cada apartado):

- manexo da maquinaria e ferramentas coas que se desenvolvera o traballo.
- as aptitudes profesionais.
- utilización das medidas de protección.
- o tempo utilizado no desenvolvemento do traballo.

Responder a 2 preguntas teóricas sobre o seguinte temario:

- Partes da maquinaria coas que desenvolverá o traballo: desbrozadora, motoserra e xerador, así como as medidas para o seu coidado.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

2.- Coñecemento da lingua galega

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 1, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007.

B.- Fase de concurso de méritos:

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso, e puntuarase cun máximo de 5 puntos e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional:

- Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo: peón de obra/operario de servizos múltiples: 0,25 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 4 puntos, acreditarase mediante certificado de empresa ou vida laboral (adxuntando contratos) ou certificado de servizos prestados no caso de Administración Públicas.

A puntuación máxima outorgable polo concepto "Experiencia profesional" será de 4 puntos.

b) Formación:

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas e relacionados co posto de traballo, ata un máximo de 1 punto.

- Cursos de máis de 100 h: 1 punto.
- Cursos de 50 a 100 h: 0,75 puntos.
- Cursos de 16 a 49 h: 0,50 puntos.
- Cursos ata 15 h: 0,25 puntos
- Cursos, xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos

A puntuación máxima outorgable polo concepto "Formación" será de 1 punto.

10º) Proposta de nomeamento e Resolución: Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de nomeamento e lista de reserva de contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de que podan ser contratadas. Os candidatos seleccionados serán os que obteñan maior puntuación. En caso de empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación na proba práctica, de persistir o empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación no concurso de méritos, de persistir o empate realizarse un sorteo entre os candidatos que obtiveron igual puntuación.

A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Porto do Son na que aparecerá o listado coas puntuacións por orde decrecente, acadadas por cada unha das persoas aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son. Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba esta lista de contratación. Esta resolución será publicada no taboleiro do Concello de Porto do Son e substituirá ás notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015.

11º) Funcionamento da bolsa de emprego:

As comunicacións realizaranse telefonicamente, deixando constancia da mesma por parte do empregado público encargado de realízalas mediante a oportuna dilixencia. Se no momento da comunicación, o aspirante renuncia ao posto sen causa xustificada, a primeira vez pasará a ocupar o último posto da lista, e a segunda será excluído da mesma por Decreto de Alcaldía. A renuncia voluntaria sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos para o/a traballador/a que os arriba contemplados.

Considéranse causas xustificadas para renunciar a ocupar o posto de traballo e por tanto, a que non se apliquen as medidas correctoras contempladas no parágrafo anterior, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico)
- Estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo)
- Maternidade ou adopción legal.
- Exercicio da representación sindical ou cargo público electo.
- Matrimonio.

- Falecemento de familiar ata o seguinte grado de consanguinidade ou afinidade.

O/a candidato/a terá un prazo de 1 día hábil para achegar a devandita documentación dende o chamamento realizado.

A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente durante os tres anos seguintes a súa formación, agás que o Concello decida anulala ou deixala sen efecto con anterioridade.

12º) Presentación da documentación.

1- A persoa proposta presentará no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son, no prazo de **2 días hábiles** contados a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, que non poderá superar o número de postos convocados, no Taboleiro de anuncios do Concello de Porto do Son, os seguintes documentos:

- a) Informe médico oficial actualizado polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opta.
- b) Declaración responsable de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme e .
- c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente
- d) Declaración responsable de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor a materia.
- e) Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base, da documentación antes referida, agás os caso de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados, todo elo como consecuencia da citada anulación.

13º) Incidencias.

1.- As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación:

- Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Emprego Público.

ANEXO I

DATOS DO SOLICITANTE	
Nome e apelidos	
NIF	
Enderezo a efectos de notificación	
Municipio, Código Postal e Provincia	
Teléfono	
Correo electrónico	

EXPÓN e SOLICITA

- Que desexa participar no procedemento de selección para a contratación de operarios de servizos múltiples como persoal laboral para a realización de obras e servizos municipais do Concello de Porto do Son ao abeiro do programa PEL-CONCELLOS 2023, exp: 2023000012344 (BOP núm. 57 do 23 de marzo de 2023).
- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpro todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente se aportará, comprometéndose a prestar xuramento ou promesa.
- Que autorizo ó Concello de Porto do Son para a publicación dos meus datos persoais (siglas do nome e apelidos e DNI anonimizado) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección

Apórtase a seguinte documentación (marcar cunha X):

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do título académico esixido
- Fotocopia do título de Celga 1
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego
- Documentación acreditativa dos méritos
- Documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou de ser o caso: certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda, no que se indique que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.
- Documentación acreditativa de cumprir con algunha das situación recollidas na seguinte táboa, risque a que corresponda (base 5. f):

Risque	Situación de exclusión laboral	Documentación a achegar
	Mulleres, Persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
	Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado
	Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido polo administración competente vixente na data de publicación da convocatoria
	Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais

Lugar, data e sinatura.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

Porto do Son 30 de marzo de 2023

O Alcalde

José Luis Oujo Pouso

2023/2361